

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONCERTO SOCIAL

Artigo 10.2.a) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXECUCIÓN DO "PROGRAMA DE ADOPCIÓNS ESPECIAIS"

A. Necesidade do concerto social e da concorrencia das circunstancias que fagan necesario acudir á convocatoria dun concerto social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Esta Dirección Xeral ten previsto formalizar mediante procedemento de asignación de concerto social, o programa arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da formalización do concerto (prevista para o 01/11/2026) ata o 31/07/2028, e con posibilidade de prórrogas ata o 31/07/2030, sempre e cando exista crédito apropiado e suficiente.





O concerto social ten por obxecto promover a adopción de nenos, nenas e adolescentes tutelados/as pola Xunta de Galicia que polas súas características teñen máis dificultade para exercer o seu dereito a vivir en familia.

Son persoas menores que, pola súa idade, por pertencer a un grupo de irmáns, ter unha discapacidade física e/ou intelectual ou calquera outra característica particular, teñen máis problemas para atopar unha familia que os adopte. Pero estes menores necesitan e teñen dereito a crecer co apoio, seguridade e afecto que só unha familia pode ofrecerlles.

O desenvolvemento deste programa fai necesaria a intervención de profesionais adicados especificamente á información e formación dos solicitantes de adopción, coñecemento dos nenos e nenas destinatarios do programa, así como o seguimento completo e continuado de todo o proceso adoptivo (preadopción e integración) co fin de acadar que se incremente o número de menores con características especiais adoptados, dando así cumprimento ao principio de actuación en favor do interese superior do menor.

A finalidade que se persegue con este programa é a consecución do benestar dos menores beneficiarios nun medio familiar normalizado dando cumprimento ao dereito dos nenos a vivir nunha familia.

O emprego do instrumento do concerto social está xustificado na incorporación desta figura á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, como mecanismo que permite á Administración impulsar as súas relacións coas entidades prestadoras deste tipo de servizos e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Esta modalidade está xustificada pola Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, na que se lle recoñece aos Estados membros e aos poderes públicos a capacidade de organizaren os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que no dito sistema se garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. En termos semellantes se expresa a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, toda vez que a través dela se traspón ao ordenamento xurídico español a dita directiva.



Ademais, o emprego do concerto social neste caso axústase ao disposto no Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu artigo 2 indica que se poderá empregar esta figura coas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen. O servizo de adopción está previsto no Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia (DOG núm 108, de 8 de xuño de 2016). En concreto, o punto 2.4.10. do Anexo desta norma refírese ao "Servizos de adopción", que define como o "conxunto de intervencións de protección dirixidas á persoa menor de idade en situación de desamparo, destinadas á integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe coa cal se establece un vínculo xurídico de filiación".

B. Modalidade do concerto social

A modalidade de concertación que se empregará consiste no procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

C. Idoneidade do concerto social

A carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, definida no Decreto 192/2015, establece os servizos de atención terapéutica a menores. Este servizo defínese como o conxunto de intervencións técnico-profesionais destinado á atención a nenos, nenas e adolescentes que presentan desaxustes psicolóxicos, emocionais e/ou de conduta severos, orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa separación da súa familia, ou que deriven en dificultades severas ou cronificadas na convivencia.

En relación co anterior, o artigo 18.2.c) da Lei Orgánica 1/1996 cita os abusos sexuais como unha das circunstancias que supoñen unha ameaza para a



integridade física ou mental de nenos e nenas que pode ser consideradas como indicadores de desamparo.

A adopción é unha medida de protección, segundo o artigo 73 da lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, "A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe. A Xunta de Galicia promoverá a adopción dunha persoa menor cando, valorada a súa situación e circunstancias, se constate a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe, responda ao interese daquela e constitúa a medida máis axeitada para atender as súas necesidades".

O concerto social trátase dun novo mecanismo que permite impulsar a relación da Consellería de Política Social e Igualdade coas entidades prestadoras de servizos sociais e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Á súa vez, incorpora na provisión dos servizos sociais os principios de atención personalizada e integral, o que supón un modelo adecuado para a atención da infancia e adolescencia en situación de desprotección.

É por isto que se considera idóneo este mecanismo do concerto social para levar a cabo execución do programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo.

D. Xustificación dos criterios e requisitos establecidos

1. Criterios de selección e preferencia

1.1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Deste xeito, a consideración de entidade sen ánimo de lucro inclúese entre os



criterios de desempate.

1.2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

A) Calidade do proxecto técnico (54 puntos), baremado de acordo cos seguintes criterios:

a. 1. Accións de sensibilización, difusión e captación do programa, ata 10 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Plan de sensibilización: Coñecemento do programa á poboación xeral sobre as dificultades e necesidades dos NNA de protección. Ata 3 puntos.
- Difusión e captación de potenciais destinatarios/as: incidencia en colectivos profesionais vinculados á infancia. Ata 3 puntos.
- Adecuación do formato, contido, metodoloxía, recursos e impacto empregados aos obxectivos pretendidos. Ata 2 puntos.
- Accións de implicación das propias familias na difusión do programa, que promova a creación de sinerxías entre elas. Ata 2 puntos.

a.2. Proxecto formativo, ata 20 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Adecuación de contidos, duración, metodoloxía, recursos e avaliación empregados respecto aos obxectivos pretendidos. Ata 15 puntos.
 - Información (orientada cara a autoselección) e formación (retos derivados das necesidades e circunstancias especiais en relación ao Interese Superior do Menor e retos da propia adopción, derivados da desprotección infantil.
 - Formación: Motivación, expectativas e competencias parentais.
- Facilitade de acceso ás actividades tendo en conta a súa distribución xeográfica e temporal: rexistros asociados. Ata 5 puntos.

a.3. Proxecto de intervención coas familias e NNA, ata 15 puntos, tendo en conta a coherencia entre as distintas problemáticas e necesidades dos NNA atendidos e os obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades propostos.

- Información e formación: necesidades dos NNA derivados da desprotección e necesidades derivadas das circunstancias especiais. Competencias parentais e parentalidade positiva.
- Colaboración cos Servizos de Protección na valoración da idoneidade. solicitude, documentación e proposta de declaración de idoneidade.
- Coordinación cos Servizos de Protección durante as diferentes fases nas que se desenvolve o programa.
- Plan de integración diferencial, en función das diferentes características dos NNA en situación de adoptabilidade: idade, enfermidade crónica ou





discapacidade, diferencias culturais e raciais, adopción múltiple e outras.

- Intervención na preparación do NNA, axuste, formalización da garda con fins de adopción, apoio e seguimento.
- Servizos de apoio e acompañamento familiar (Programas de educación familiar, garderías, GOF, mediación familiar, tratamento psicolóxico, *bolsas e axudas, servizos da comunidade...*)

a.4. Plan de formación continua do persoal (ata 4 puntos), de acordo cos seguintes criterios:

- Adecuación do plan de formación continua ás características do servizo e ao proxecto técnico (ata 2 puntos).
- Obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización e avaliación das actividades (ata 1 punto).
- Adecuación das persoas destinatarias e dos perfís profesionais do persoal formador (ata 1 punto).

a.5. Calidade do sistema de avaliación. (ata 5 puntos)

- Avaliación interna do propio programa. Avaliación cuantitativa/ cualitativa (ata 3 puntos).
- Implantación de certificacións de calidade como UNE 0070:2022 ou equivalente (ata 2 puntos).

B) Instalacións en que se levará a cabo o servizo: ata 6 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

b.1) Grao de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos e equipamentos, incluída a accesibilidade (terase en conta informes técnicos, fotografías...), ata 3 puntos.

b.2) Dimensións, distribución e grao de adecuación dos espazos, así como o grao de adecuación dos equipamentos ás actividades que se vaian a realizar, ata 3 puntos.

C) Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade, ata 10 puntos:

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na empresa de políticas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

- c.1) Estar en posesión da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, ou equivalente (4 puntos).
- c.2) Estar en posesión do Certificado de Empresa Familiarmente



Responsable, ou equivalente (4 puntos).

c.3) Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, outorgado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social xunto coa Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), ou equivalente (2 puntos)

D) Continuidade na atención prestada e implantación do Programa de Adopcións Especiais de Galicia, ata 15 puntos. Computarase un punto por cada ano que a entidade solicitante veña desenvolvendo servizos, dentro desta tipoloxía, relacionados coa protección á infancia e á adolescencia.

E) Experiencia acreditada pola entidade no ámbito da protección á infancia e a adolescencia. Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia, ata 15 puntos. Computarase un punto por cada ano completo por encima do requisito mínimo para optar ao concerto (dous anos), procedéndose así mesmo ao prorrateo dos meses restantes, e terase como data final do cómputo a publicación deste concerto social no *Diario Oficial de Galicia*.

Empregarase como primeiro criterio de desempate a preferencia das entidades sen ánimo de lucro fronte ao resto de entidades prestadoras de servizos sociais. Como segundo, un número de integrantes do cadro de persoal con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o Acordo do Consello da Xunta de 8/4/2010 así como o previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do concerto o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

2. Xustificación dos requisitos

Os requisitos que se propoñen para que as entidades poidan participar son os seguintes:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Contar coa solvencia suficiente segundo os seguintes indicadores:

b.1) Solvencia económica e financeira. Acreditarase por un dos seguintes medios:





b.1.1) Volume anual de negocios, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da entidade. Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter un volume de negocios no ámbito da atención á infancia e á adolescencia, referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos, por un importe igual ou superior a 35.000 euros.

b.1.2) Un seguro de indemnización de responsabilidade civil, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por un importe igual ou superior aos seguintes valores anuais: 35.000,00 euros.

A súa acreditación efectuarase por medio de:

1. Unha declaración responsable asinada polo representante legal do licitador na que se exprese o importe asegurado e a súa vixencia, que deberá ser igual ou superior aos valores anuais indicados.
2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de aportar de ser requirida, un certificado expedido pola aseguradora, na que consten os importes e riscos asegurados e data de vencemento do seguro, así como un documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, no caso en que proceda para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.

b.2) Solvencia técnica e profesional:

Reputarase solvente a entidade concertante que acredite cando menos un dos seguintes requisitos:

- ter un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, que se prestasen a algunha Administración Pública ou entidade privada (contabilizados ata o fin do prazo de presentación de proposicións) cuxos importes acumulados no ano de maior execución sexa igual ou superior 35.000 euros.
- polo menos unha das persoas que forme parte do equipo técnico, conta en postos de características asimilables, cunha experiencia mínima de dous anos, dentro dos últimos tres, nalgunha empresa ou entidade que á súa vez prestase servizos para unha Administración Pública ou entidade privada, sempre que tanto



o servizo prestado, como as tarefas desempeñadas polo persoal, teñan natureza análoga ao obxecto do concerto.

c) Contar cunha experiencia mínima de atención á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

e) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Contar cun seguro de responsabilidade civil.

g) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

Os requisitos esixidos para a subscrición deste concerto adáptanse ao establecido no artigo 6 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro. Polo que respecta á definición da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional tomouse como criterio os baremos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, como normativa supletoria.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

